

**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

## **ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria de data 9 de outubro de 2013, adoptou acordo de resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento Municipal de Venda Ambulante no Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co art. 70.2 da Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez publicado este completamente e transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

Contra o citado acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Todo isto, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

### **“REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**

#### **CAPITULO I**

#### **DISPOSICIONS XERAIS**

##### **ARTIGO 1:**

1.- O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do exercicio da venda ambulante no termo municipal de Salvaterra de Miño.

2.- Considérase venda ambulante ou non sedentaria a exercida por comerciantes fóra de establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, na vía pública, perímetros e lugares debidamente autorizados, mediante instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións- tenda.

3.- Modalidades de venda. En tódolos casos, a venda ambulante efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:


a) Venda ambulante en mercados fixos: son aqueles situados en lugares anexos ao Mercado Municipal ou de Abastos os días de mercado.

b) Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados unicamente durante a temporada propia do produto autorizado os días de mercado e nas inmediacións do Mercado Municipal.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.

d) Venda ambulante en camións- tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello, sempre fora do Casco Urbano (parroquias).

e) Venda ambulante en postos desmontables ou camións-tenda instalados en vía pública,



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

nas inmediacións do Parque Público A Canuda, nos lugares autorizados polo Concello.

f) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados ubicados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida (como feiras, mercadillos e rastros).

4.- Suxeitos da venda. A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que fose de aplicación.

**5.- En consecuencia, non queda autorizada a venda de vehículos realizada fóra dun establecemento permanente, salvo eventos autorizados, quedando totalmente prohibida a colocación de calquera tipo de información con intención de venda a título de empresa ou a título particular nos propios vehículos.**

6.- A venda ambulante rexerase ademais do disposto no presente Regulamento, polo establecido na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

ARTIGO 2:

1.- Para o exercicio da venda ambulante será indispensable dispoñer da autorización para a instalación e utilización dos postos para a finalidade que se lles asigne e cos límites e contidos que se fixen na mesma e neste Regulamento.

2.- A instalación de postos non autorizados previamente dará lugar, previos os requisitos legais que procedan, á retirada do posto de venda ambulante e o depósito dos produtos nas dependencias da Policía Municipal, podendo retirarse logo do aboamento dos correspondentes gastos de traslado.


CAPÍTULO II

ESPACIOS RESERVADOS, NÚMERO DE POSTOS, PERIODICIDADE , HORARIO DE FEIRA E PRODUCTOS

ARTIGO 3:

1.- O Concello establecerá como zonas para o exercicio de venda na vía pública e espazos libres e /ou abertos, os que considere máis idóneos para o seu mellor desenvolvemento.

O Concello delimitará as zonas de ocupación da rúa por parte dos comerciantes ambulantes autorizados. Para a correcta delimitación dos postos de venda, o Concello delimitará a superficie



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

dos postos mediante ordenación e pintado diario pola autoridade municipal

2.- Para o uso do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables e/ou transportables. Os produtos perecedeiros deberán situarse a unha altura respecto o chan, non inferior a 0,5 metros.

Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asignado e sen supera-los límites de espazo asignados, segundo a superficie concedida (as medidas máximas que poderá ocupar a totalidade da instalación non poderá supera-los 6x2 metros).

En ningún caso permitirase situar postos de venda ambulante en accesos a edificios de uso público ou privado, establecementos comerciais e industriais nin diante dos seus escaparates e exposicións.

Os postos de venda que incumpran co disposto no apartado anterior, serán retirados polos servizos municipais correspondentes do Concello, previa Resolución da Alcaldía.

ARTIGO 4:

1.- O número de postos de venda con indicación dos artigos de venda en cada un deles, serán determinados pola Alcaldía.


2.- Os/as titulares das autorizacións deberán suxeita-las súas instalacións ós condicionamentos sinalados tendo en conta que en todo caso haberá de tratarse de instalacións desmontables de fácil transporte, e que reúnan condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

3.- O Concello, para o bo funcionamento e control do mercado, disporá dun plano a escala, no cal, quedará reflectida a distribución numerada de tódolos postos e cuxa numeración coincidirá coas autorizacións expedidas, tanto para a venda nas proximidades do Mercado Municipal coma do Parque Público A Canuda.

ARTIGO 5:

1.- Ós efectos da presente ordenanza, os mercados celebraránse os Martes e Xoves de cada semana. Para o resto das modalidades de venda ambulante, permitiráselle a venda calquera día, en función do solicitado e cos criterios que, motivadamente, autorice a Alcaldía, e sempre con cumprimento da presente ordenanza.

2.- O horario establecido comprenderá:



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

.Venda nas proximidades do Mercado Municipal: O horario establecido comprenderá, aproximadamente dende as 08.00 ata as 15.00 horas. A montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 08.00 e as 9.00h (tendo que retirar posteriormente o seu vehículo) , e entre as 14.00 e as 15.00h procederase a súa retirada (momento no que poderá volver a achegar o seu vehículo)

.Venda en mercados ocasionais: Estipularase por Alcaldía segundo as necesidades.

.Venda Postos Parque: Estipularase por Alcaldía segundo as necesidades.

.Venda Parroquias: Estipularase por Alcaldía segundo as necesidades.

Asemade, e unha vez rematada a desmontaxe dos postos o titular de cada posto deberá deixar libre de lixo o espazo ocupado.

ARTIGO 6:

Está permitida a venda de todos aqueles produtos que a súa normativa o autorice; procedéndose cando a normativa reguladora así o prohiba, conforme co indicado no art. 8 do Real decreto 199/2010 podendo, ademais, as autoridades sanitarias prohibi-la venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.


Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que na presente Ordenanza establecen para tódolos postos de venda, aqueles nos que se expandan produtos alimenticios deberán reuni-las condicións hixiénico sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións (Para o tipo de venda de produtos alimenticios, será imprescindible posuí-lo carné de manipulación de alimentos, actualizado).

Debido a tradición e raigambre no municipio, queda autorizada a venda de produtos alimentarios derivados do campo da nosa comarca, sempre e cando sexan produtos sen elaborar e o produtor estea en posesión do Carne de Manipulador de Alimentos. Así como a venda de plantas e flores naturais cortadas sempre que sexan de temporada procedentes da comarca e concellos limítrofes e de produción propia do vendedor. No caso de que a flor sexa producida en instalacións baixo cuberta, o produtor-vendedor deberá acreditar a súa inscrición no rexistro de explotacións agrarias da Consellería de Medio Rural.

ARTIGO 7:

A Policía Local colaborará e realizará aquelas misións na forma que se dispoña en cada intre pola Alcaldía.

ARTIGO 8:



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

Fóra do recinto destinado á venda ambulante non se permitirá a mesma, agás naqueles supostos que, de forma temporal e provisional, acorde conceder o Alcalde da Corporación, que o fará en cada caso de forma discrecional.

CAPITULO IV:  
REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

ARTIGO 9:

- 1.- Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá revogarse polo Concello polo incumprimento dos requisitos esixidos na ordenanza reguladora e nas normativas aplicables ó respecto.
- 2.- A autorización revogarase, sen indemnización nin compensación ningunha, nos seguintes casos:
  - a) Venda de produtos non autorizados.
  - b) Transmisión da autorización, agás nos casos excepcionais permitidos.
  - c) Reincidencia na ocupación dunha superficie superior á asignada.
  - d) Ocupación dun posto distinto ó asignado.
  - e) A non ocupación do posto asignado durante un período de dous meses sen causa que o xustifique.
  - f) Falta de pagamento dos tributos municipais relativos á venda ambulante, sendo suficiente con ter dous recibos en procedemento de apremio.

ARTIGO 10:


Concederanse tantas autorizacións como postos haxa na superficie destinada ó exercicio da venda ambulante, e o número de autorizacións quedará supeditado ó número de metros dispoñibles en tales espazos

ARTIGO 11:

O exercicio da venda ambulante require autorización expresa do Concello.

As autorizacións para o exercicio da venda ambulante outorgaranse mediante Resolución de Alcaldía, , ou órgano en quen delegue, ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, do imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos da regulamentacións de cada tipo de produtos.
- c) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Satisfacer as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

de persoas estranxeiras.

- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escrituras de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.
- h) Estar ao corrente no pago das distintas obrigas tributarias no Concello de Salvaterra de Miño, e , en especial, das obrigas derivadas da autorización municipal para a venda ambulante en exercicios precedentes
- i) Documento probatorio do pago da taxa correspondente para o exercicio no que se autoriza a venda ambulante.


**ARTIGO 12:**

1.- A solicitude de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, no modelo normalizado aprobado polo Concello, dirixida ó Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello e na que se farán constar os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, domicilio ós efectos de notificación cando non coincida co habitual, número do Documento Nacional de Identidade e letra de Identificación Fiscal (N.I.F.), ou do Pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.
- b) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos no presente Regulamento
- c) Tempo polo que se solicita a autorización.
- d) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.
- e) Mercancías ou artigos que pretende sexan obxecto da venda.
- f) Dimensións do espacio de ocupación que pretende, indicando, a estes efectos, se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
- g) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercita-la actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).

2.- Xunto coa solicitude, deberá presentarse en copia compulsada:

- a) Fotocopia do DNI e/ou da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do Pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- b) Fotocopia do DNI da persoa designada como suplente.
- c) Xustificante de estar dado de Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas, e de atoparse ó corrente no seu pago, se fose o caso.




**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

- d) Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo, ou, no seu caso, no Réxime Especial para traballadores por conta propios agrarios.
- e) Documentación que acredite estar ó corrente do pagamento da taxa de carácter municipal establecida para o exercicio deste tipo de venda ambulante, e de non ter ningún tipo de débedas co Concello.
- f) Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil contratado para responder de posibles danos derivados do exercicio da actividade, acompañada do pago do último recibo.
- g) Compromiso expreso de que a persoa que vai exercer directamente a actividade será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e en nome propio, así como a declaración expresa de coñecer e cumprir as normas ás que debe axustarse a actividade no caso de ser autorizada.
- h) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá acompañar certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- i) Declaración responsable de reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda e non realizar venda de produtos prohibidos.
- j) No caso de camións-tenda:
  - Fotocopia do permiso de circulación do vehículo autorizado pola licencia.
  - Fotocopia de Tarxeta das inspeccións técnicas do vehículo.
  - Fotocopia da póliza de seguro do vehículo acompañada de fotocopia do último recibo do mesmo.
  - Permiso de conducir da persoa que o utilice
  - Indicación do itinerario, no caso de parroquias, por onde se vai realizar a venda ambulante.
- k) Dúas fotografías tamaño carné.
- l) No caso de persoas xurídicas, presentarase ademais:
  - O CIF, acta de constitución, estatutos e escrituras de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
  - Neste caso, ademais, fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, tendo ademais que presentar a documentación que xustifique a relación contractual (contrato de traballo e TC2, e no caso de Cooperativas de Traballo Asociado acreditación da condición de socio traballador e boletín de cotización) cunha cotización non inferior ó horario de mercado.

3.- No caso dun posto xa autorizado en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida nos apartados anteriores; debendo achegar unicamente o sinalado nos apartados c), d), e), f), j) e l) do número 2 deste artigo.

**ARTIGO 13:**

1.-As autorizacións municipais para o exercicio da venda ambulante serán persoais e



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

terán unha vixencia máxima dun ano natural (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), prorrogable por períodos de igual duración, sendo o prazo para a presentación da documentación correspondente á solicitude ou renovación, dende o 15 de setembro ó 15 de decembro do ano anterior á súa vixencia. Transcorrido o devandito prazo sen que se tivera presentado a nova documentación, entenderase sen efecto a autorización.

Non obstante, permitirase a solicitude de autorizacións, unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, no caso de que quedasen postos vacantes. Neste caso, se a solicitude se producise xa iniciado o ano natural, a autorización será outorgada polo tempo que reste ata o 31 de decembro.

2.- Na autorización farase constar:


- Nome e apelidos do/a vendedor/a autorizado/a.
- Nome e apelidos do vendedor/a designado/a como suplente.
- DNI/NIF ou NIE.
- Período de vixencia.
- Productos autorizados.
- Lugar onde se instalará o posto e número de metros cadrados.
- Data e horario de instalación.

Ademais dos datos anteriores, nas autorizacións que os autorizados deberán colocar nos seus postos figurará unha fotografía dos titulares ou da persoa habilitada para o exercicio da actividade no caso de empresas.

3.- As autorizacións serán transmisibles polo prazo máximo da súa duración, a terceiras persoas físicas e xurídicas que acrediten o cumprimento das mesmas condicións coas que o titular cedente obtivo a súa autorización, nos seguintes termos:

- a) Poderá autorizarse o cambio de titularidade da autorización, no caso de falecemento do titular ou renuncia expresa deste á autorización concedida, a favor de persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no art. 11 do presente regulamento; neste caso, deberá ser devolto o permiso e a Administración valorará o seu outorgamento polo tempo que reste da autorización
- b) Nos casos de enfermidade do titular suficientemente acreditada, ou causa debidamente xustificada a petición deste, a Administración, valorada a circunstancia, poderá autorizar o exercicio da venda obxecto da autorización ó cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos do titular, en tanto dure a situación que orixina a suplencia, e sempre que reúnan os requisitos esixidos e cumpran as condicións establecidas no presente Regulamento.





**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)


- c) A Administración municipal xunto coa intervención de Servizos Sociais valorará, en determinados supostos debidamente comprobados, a conveniencia de outorgar unha autorización provisional para exercer a venda ambulante por tempo inferior ó ano natural, ata un tempo máximo de tres meses, prorrogable por unha soa vez por outro perloido máximo igual que se sinalará na autorización, cando concorran circunstancias e cargas familiares especialmente gravosas para o solicitante.
  
- d) Igualmente, poderase utilizar, para facilitar o disfrute de vacacións do titular, que en ningún caso poderá exceder dun mes ó ano natural, a suplencia polo cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos do titular, ou ben a entrega do permiso á Administración durante dito perloido de vacacións para que esta poida facer uso do espacio para conceder permisos provisionais. En ambos casos deberá o titular abonar a taxa correspondente, manter a súa situación de alta en Licencia Fiscal e estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

A solicitude de cambio de titularidade, sempre que estea contemplada nos casos sinalados, será levada a cabo no modelo normalizado aprobado polo Concello, e seguirá a mesma tramitación que as solicitudes de autorización.

ARTIGO 14: Obrigas dos titulares das autorizacións:

Durante o período que dure a autorización deberán cumprir-los requisitos sinalados no artigo 11 e ademais as seguintes:

- a. Exerce-la actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.
- b. Observa-las normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes así como as referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización. Mante-las instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Ó remate da xornada comercial deberán recoller tódolos desperdicios e embalaxes, debidamente atados e depositados nos contedores para facilita-la ulterior tarefa de recollida de lixo. Igualmente deberán repara-los desperfectos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que dispoñen de autorización.
- c. Ter expostos os seus datos de identificación e domicilio de modo que resulten facilmente visibles para o público, así como o documento no que conste a correspondente autorización municipal, xunto cunha dirección para a recepción de posibles reclamacións. Deberán dispor dunha tarxeta de identificación coa foto do titular da autorización, se esta fose persoal, ou da persoa habilitada para o exercicio da actividade, no caso de que fose unha empresa. A estes efectos, coa solicitude deberanse presentar dúas fotos tamaño carné. Os titulares da



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

autorización ou as persoas habilitadas deberán exhibir ante os axentes da Policía Local e os inspectores de renda municipais a referida tarxeta de identificación cando se lle solicite, así como os xustificantes do cumprimento das condicións para o mantemento da autorización. No caso de venda ambulante mediante camións o vehículos- tenda, ou de postos desmontables cubertos, a identificación e domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

ARTIGO 15:

As autorizacións extinguíranse pola expiración do seu prazo e polas causas de revogación sinalados no artigo 9.

CAPITULO V  
**REXIME SANCIONADOR**

ARTIGO 16: Infraccións.

Constitúen infraccións as condutas tipificadas no presente artigo. O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves:

a) Serán faltas leves:


- Producir ruídos, berros ou música que incumpran a normativa de ruídos municipal.
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.

b) Serán faltas graves:

- A reiteración por dúas veces de faltas leves no período de tres meses.
- A desobediencia a atende-las normas de orde e indicacións da Policía Municipal.
- Aumentar a superficie do posto con máis metros autorizados, ou non gardar a distancia establecida entre postos.
- Non deixar limpo ou recollido o lugar onde estivo instalado.
- O exercicio de venda ambulante sen licencia.
- A venda de vehículos realizada fóra dun establecemento permanente.

c) Serán faltas moi graves:

- A reiteración por dúas veces de faltas graves no período de tres meses.
- Non estar inscrito no Imposto de Actividades Económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- A venda de produtos non autorizados pola licencia.
- A venda de produtos en mal estado tal que poidan causar dano á saúde.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- Discusión ou altercado con outros vendedores ou consumidores, con perturbación da orde cidadá.
- Ofensas de palabra ou de obra ás persoas que levan a cabo as tarefas de inspección ou control.

#### ARTIGO 17:

Sancións: As sancións aplicables serán as seguintes:

- Faltas leves: multas de 30 a 200 euros.
- Faltas graves:
  - a) multas de 201 a 500 euros.
  - b) Suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.
- Faltas moi graves:
  - a) Multas de 501 a 1.000 euros.
  - b) Revogación da licencia, mesmo coa posibilidade de retirada dos produtos nos caso de vendas non autorizadas.
  - c) Suspensión temporal da autorización de 30 a 60 días hábiles e, en caso de reincidencia, revocación da autorización.

#### ARTIGO 18:


Corresponderalle ó Alcalde, ou órgano en quen delegue, a imposición de multas e demais sancións.

#### ARTIGO 19:

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas neste Regulamento será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/1992 de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e demais normas concordantes.

#### DISPOSICIONS TRANSITORIAS:

PRIMEIRA: Se en calquera intre o Concello decidira o traslado a un novo emprazamento do mercado ambulante, non terán dereito os titulares dos postos a esixir indemnización ningunha polo cambio de ubicación do referido mercado. No devandito caso, a Corporación, logo do sorteo entre



C O N C E L L O

D E


36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

os titulares, adxudicará os postos do novo emprazamento polo tempo que falte para o remate do prazo da autorización.

O Concello, por causa de interese público poderá, así mesmo, dispoñer a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a indemnización algunha. Do mesmo xeito, a Alcaldía ou Concellería delegada, por resolución motivada poderá altera-los lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público.

SEGUNDA: No prazo de un mes desde a entrada en vigor da presente ordenanza, poderánse solicitar as autorizacións pertinentes para acomodar as situacións existentes á súa regulación; rexendo para a renovación das que se outorguen, os prazos regulados no artigo 13.1.



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

SOLICITUDE DE AUTORIZACION POSTO DE VENDA AMBULANTE

Don/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con NIF ou pasaporte nº \_\_\_\_\_, actuando en  
nome propio /ou  
En representación de

\_\_\_\_\_  
con N.I.F ou pasaporte número \_\_\_\_\_,  
con enderezo a efectos de notificación na localidade de  
\_\_\_\_\_, rúa/lugar \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, Teléfono \_\_\_\_\_,

**SOLICITA:**

Autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, indicándose para elo o seguinte:

a) .- No caso de que actuara algunha persoa como suplente, segundo o permitido polo

Regulamento, deberán consignarse os seus datos:

NOME E APELIDOS:

\_\_\_\_\_  
D.N.I. ou pasaporte: \_\_\_\_\_ PARENTESCO:

b).- Período polo que solicita a autorización \_\_\_\_\_ meses

c).- Emprazamento onde pretende insta-la posto \_\_\_\_\_.

d).- Mercancías ou artigos que vende: \_\_\_\_\_.

e).- Dimensións do posto \_\_\_\_\_, indicar, segundo o caso:

Posto desmontable


Dende vehículo ou furgón

f).- No caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, indica-los datos da persoa física que vai exercer-la actividade:

NOME E APELIDOS:

\_\_\_\_\_  
D.N.I. ou pasaporte: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_.




**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do Pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- Fotocopia do DNI da persoa designada como suplente.
- Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ó corrente no pago da cota ou cotas.
- Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo, ou, no seu caso, no Réxime Especial para traballadores por conta propios agrarios.
- Fotocopia do último recibo da taxa municipal ou certificado de estar ó corrente do pago de dita taxa.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil contratado para responder de posibles danos derivados do exercicio da actividade, acompañada do pago do último recibo.
- Compromiso expreso de que a persoa que vai exercer directamente a actividade será o titular da autorización, actuando exclusivamente por conta e en nome propio, así como a declaración expresa de coñecer e cumprir as normas ás que debe axustarse a actividade no caso de ser autorizada.
- Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberá acompañar certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- Declaración responsable de reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda e non realizar venda de produtos prohibidos.
- Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.

No caso de **persoas xurídicas**, presentarase ademais:

- Fotocopia do CIF.
- Fotocopia da acta de constitución.
- Fotocopia dos estatutos.
- Fotocopia de escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Fotocopia de contrato de traballo e/ou acreditación da condición de socio traballador en cooperativa de traballo asociado.
- Fotocopia de TC2 cunha cotización non inferior ó horario de mercado.



**C O N C E L L O**  
D E  
**36450 SALVATERRA DE MIÑO**  
(PONTEVEDRA)

No caso de **camións-tenda**, presentarás ademais:

- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo autorizado pola licenza.
- Fotocopia de Tarxeta das inspeccións técnicas do vehículo.
- Fotocopia da póliza de seguro do vehículo acompañada de fotocopia do último recibo do mesmo.
- Permiso de conducir da persoa que o utilice.
- Indicar o Itinerario, no caso de parroquias, por onde se vai realizar a venda ambulante:

\_\_\_\_\_

Salvaterra de Miño, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de

Asinado: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

----oo0oo----

Salvaterra de Miño, a 17 de outubro de 2013

O ALCALDE

Asdo: Arturo Grandal Vaqueiro